

# Descarreirarse para dar co camiño

## Dunha magnífica proposta

MONTSE PENA PRESAS

A colección “Milmanda” de Edicións Xerais sempre depara sorpresas tanto para o lectorado xuvenil como para o adulto, pois nela acababan atopando o seu acubillo títulos moi interesantes, cunha cuidada proposta gráfica, dirixidos sobre todo a ese espectro que é o público de fronteira. Un público conformado, en primeira instancia, por lectoras xuvenís arrichadas e complementado por receptores adultos que non teñen inconveniente en apostar por outras lecturas. E aquí ese outras é sinónimo de diferentes, interesantes, sorprendentes e, en moitas ocasións, rompedoras. Non debe estrañar, pois, que o novo título de poesía de Marilar Aleixandre (quizais demasiado tempo levaba agardando por el o seu público máis fiel), *Ovella descarreirada*, arreque este singularísima colección.

Empregando o imaxinario animal como punto de partida (algo que, sen dúbida, é unha constante na produción dunha autora que o sabe case que todo de insectos –pensen nas súas *Dez abellas na laranxeira*– pero tamén de mamíferos –*A vaca canibal*–) e utilizando a toponimia da Costa da Morte como âncora referencial

que a acompaña, esta *Ovella descarreirada* constitúe unha sorte de catálogo de be-

chos variados que comezan rompendo co que se agarda deles. Velaí a primeira parte da obra, “Ovella negra”, que se desvela como un canto animal colectivo de todos aquelas que non queren ser un número máis e que elixen a cor negra por vontade propia se iso as fai diferenciarse. Moi relevante é, neste sentido, a composición “Arrengo das pombas”, toda unha declaración de intencións da autora ao posicionarse na liña rosaliána, negándose a transitar a tematoloxía que tradicionalmente o patriarcado reservou para as mulleres. Indo máis alá, Aleixandre non du-

bida en “arrengar” tamén da propia Rosalía, inscribíndose así nunha nova tradición, a da poeta–nai superada, inda que se parta dela transgredindo: “apropriarei-


me da túa cabeza cortada/ fareille un altar/ cubrireina de flores ventureiras”.

A segunda parte do poemario “Valeime, pugas dos toxos”, aposta por un tipo de verso moito máis breve e moi achegado á canción, centrado na mirada dun eu lírico (ese pastor–ou pastora– ao que fan referencia os versos de Ovidio que principian este conxunto de poemas), que se recrea nos elementos naturais no seu re-

dor. Singular polo seu alento é “O coro das ovellas”, onde as protagonistas–leiv motivo do texto se aúnan para cantar, nun toque humorístico e retranqueiro, ao seu coidador, mais tamén ao whatsapp. Inesquecible, tamén, por rompedora é a “Regueifa dos muíños”, enfrontamento dialéctico entre os muíños de río e os eólicos que, á vez que confronta a cultura popular á cultura da desfeita, deixa entrever a preocupación ecoloxista da autora.

Por último, en “Apañando a primavera”, a temática amorosa –non convencional, rupturista, desafiante) fai a súa aparición para mesturarse coas outras que levan transitando o poemario (como por exemplo, a mítica, que cobra aquí unha maior presenza) para deixarnos felicies e exóticas parellas, como a do outrizo cacho e a lúa de couce. O poemario adobíase coas sempre magníficas e de complexa sinxeleza ilustracións de Óscar Villán, que fornecen de novos xeitos de mirar o mundo animal, uns novos xeitos que se suman aos xa propostos pola autora. Despois de *Ovella descarreirada*, o lectorado, especialmente as lectoras, miramos o mundo cuns novos ollos. Os ollos de quen sabe, a través da lectura, que en ocasións, saír do camiño, supón atoparmos un carreiro propio.

ALEIXANDRE, Marilar, *Ovella descarreirada*, Ed. Xerais, Vigo, 2014, PVP: 16 €



*Logo da lectura deste texto, miramos o mundo con ollos novos*